


Xoves, 28 de outubro de 2021

Núm. 208

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PORRIÑO, O



Outros documentos, notificacións e informacións públicas

TRÁMITE DE AUDIENCIA AOS INTERESADOS DAS IMPUGNACIÓNS ÁS BASES DO CONCURSO OPOSICIÓN

TRÁMITE DE AUDIENCIA AOS INTERESADOS

EXPEDIENTE 2443/2021.

ASUNTO: Impugnación das Bases do concurso oposición para cubrir unha praza vacante de administrativo/a, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 151, do 9 de agosto de 2021.

-Escrito 2021-E-RE-4165 de 2/09/2021 da CIG-ADM. PÚBLICA no que propoñen polos motivos expostos no mesmo que as bases para cubrir unha praza de administrativo/a mediante o sistema de concurso-oposición, (publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 151, do 9 de agosto de 2021) se corrixan e se proceda a unha nova publicación.

-Escrito 2021-E-RE-4262 de 08/09/2021 de CARLOS NEIRA CORTIZAS, con DNI núm. 326....7Y, mediante o cal impugnan as referidas bases polos motivos expostos no mesmo e se solicita:

Se declare a nulidade da cláusula 10.1.1^a das referidas bases.

2. Se retrotraia o procedemento ao momento en que deben aprobarse e publicarse as novas bases que rexan a convocatoria.

3. Se estableza nas nunhas novas bases a igualdade de tratamento en canto ao baremo do mérito de experiencia profesional entre todas as entidades locais, con independencia da entidade concreta na que se teñan prestado os servizos acreditados.

4. A abertura dun novo prazo de presentación de solicitudes de participación, toda vez que o anuncio da convocatoria impugnada foi publicado no Boletín Oficial do Estado do 7 de setembro de 2021, abrindo o prazo de presentación para todas as persoas interesadas, entre as que me inclúo.

-Escrito 2021-E-RE-4306 de 09/09/2021 de David Balado Castro, con DNI núm. 770...8D, mediante o cal recorre as devanditas bases polos motivos expostos no mesmo e se solicita:

A) Que se teña por presentado este escrito, e se teña por interposto en tempo Recurso de reposición e que se dite resolución na que se declare a nulidade das bases da convocatoria e se realicen unhas novas bases nas que se corrixan todas as irregularidades exposta neste recurso e se publiquen legalmente abrindo un novo prazo de vinte días hábiles para presentación de solicitudes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:EHUYR0YQEPSNJLHL



Xoves, 28 de outubro de 2021

Núm. 208

B) Que conforme ao art. 111 da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se declare a suspensión da execución do acto impugnado xa que a súa execución causa prexuízos de imposible ou difícil reparación.

De conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 39/2015 do 30 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas aos efectos de dar audiencia aos interesados, e de conformidade co previsto no artigo 45.1. da dita Lei, ao tratarse dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva, procédese á publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), a fin de que os interesados poidan ter coñecemento das devanditas impugnacións e dispoñan dun prazo de DEZ DÍAS hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOPPO, para achegar as alegacións e documentos que estimen oportunos, ante a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño. Unha vez publicado o devandito anuncio no BOPPO se insertará no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

O expediente estará a disposición dos interesados para consulta e obtención de copia (previa exacción da taxa correspondente) no departamento de persoal sito nas oficinas xerais da Cas do concello Concello sito na rúa Antonio Palacios nº 1, en horario de atención ao público de 9,00 horas a 14:00 horas.

Documento asinado electrónicamente na marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:EHUYR0YQEPSNLIHL

